

As horas luminosas

Este volume concibiuse na súa integridade no verán de 2002, no medio do Atlántico, nas illas de Terceira e São Miguel. Aínda non chegara o Prestige ás nosas costas. Tampouco tivera lugar o “cumio dos Açores”. Nin o bombardeo de Irak principiara a esborrallar o territorio das mil e unha noites. Este libro quere ser, logo, bandeira contra a negra sombra.” Así comeza este poemario do profesor e escritor de Escudeiros (Terra de Celanova) de quen xa coñecemos, alén do seu anterior poemario (material de outono, 2003), outros traballos seus abeirados ao xénero ensaístico, alén do seu activo labor como dinamizador socio-cultural. As horas luminosas, así pois, editado requintadamente na serie “Libros da Frouma” que promove a librería compostelá Follas Novas, constitúe o seu segunda entrega lírica onde, un tanto á maneira de diario ou caderno de bitácora, segundo se deduce da estrutura derivada da presenza de quince poemas,

Un poemario de X. C. Domínguez Alberte

 RAMÓN NICOLÁS

coma se se tratase de dúas semanas mais un día, o eu poético redescobre,

con outros ollos se couber, un mundo desemeillante, outra vida alén da palpábel, a natureza e, sobre todo, o sentimento amoroso alicerzado maioritariamente en base a i m a x e s cromáticas, sensoriais, táctiles, e s m o gustativas, tiradas do mundo marítimo ou mariñeiro. Con todo, hai na primeira parte do poemario –“O mar e os sonhos”- unha inclinación non disimula-

da pola devandita dimensión amorosa, mesmo sensual, que tras o poema “Marea mor” abala cara á presentación dunha poética de maior introspección reflexiva, un chisco máis esencialista e intelectualizada, presente nesa derradeira sección titulada “Os espellos”.

Velaí como Domínguez Alberte, que extrae o título do seu libro dun fermoso verso da *Última fuxida a Harar* de Avilés de Taramancos, homenaxea con fortuna a voz deste poeta e aínda máis diafanamente trae ao recordo a presenza do rianxeiro Manuel Antonio pois vén sendo o mar quen, transido de sentimento, soergue os cimentos deste edificio, sempre camiñando á procura dunha dimensión telúrica que vincule o estritamente material co trascendente. E abofé que o consegue, situándose con este libro e plenos dereitos na nómina dos poetas galegos novos máis prometedores.

DOMÍNGUEZ ALBERTE,
X. C., *As horas luminosas*,
Ed. Follas Novas, Santiago,
2005, 60 páxinas (ilustr.
Soledad Pite)

